

UN TERTULIANO CHAMADO ORESTE

Antón Grande

Manolo Rodríguez, “Oreste”, non perdía o tempo cando viña a Lugo, ou sexa, cando regresaba á súa terra dende a lonxana Cataluña que lle dera traballo porque aquí, xa se sabe, antes igual que agora, colle a maleta e vaite.

Manolo aproveitaba calqueira circunstancia vacacional para achegarse ao seu terruño, Paradela, pero tiña parada fixa na rúa das Dolcerías, onde tiña aposento familiar e, maiormente, na redacción de El Progreso a onde chegaba con aquela sinxeleza que o caracterizaba para preguntar, onde anda o Soto?, e logo Maloca non ven hoxe? E o Antón, seica anda por ahí pero, maiormente viña preguntando por don Ánxel, ou sexa, por Fole, unha das súas paixóns.

Oreste, cando estaba en Lugo, gostaba da tertulia cos que nos considerábamos amigos: no Castroverde, entre uns viños de Rueda ou Cigales, pasábase a noitiña. El, como compría, poñíanos ao tanto do acontecer galego e galeguista de Cataluña onde andaba mergullado ao través do Centro Galego, contaba propostas, ideas, cousas fallidas e coma sempre, a resmora: tedes que vir. Desgraciadamente, ata hoxe, porque aló non fumos. Mágoa.

A Manolo, xa digo, o que lle gostaba era falar connosco, e así o deixou refrexado nun dos seus libros onde nos cita a todos, peor maiormente por quen viña á búsqueda e captura á redacción do xornal era por don Ánxel. Cando o tiña a man, facíalle a proposta deshonesto: Don Ánxel, mañá, se lle parece, imos xantar a Paradela que convidado eu. E Fole, que máis que comer gostaba de dar unha volta pola provincia e facer boa tertulia, largaba con Manolo.

Como a min non me invitaban, tamén é certo que non insistía, non podo dicir do que aló se falou pero estou seguro que aquelas tertulias entre don Ánxel, Oreste e mesmo o alcalde de Paradela, tiveron que dar moito de sí, máis agradables, seguramente, que o propio xantar.

Manolo Rodríguez regresaba a Cataluña, á súa actividade no Centro Galego, a organizar actos sempre coa nosa terra como transfondo. E a seguer escribendo, xa fose narrativa ou aquel poemario “Soldada mínima” co que se declaraba loitador poeta e obreiro.

De cando en vez chegaba unha carta súa á redacción. Pásalle isto a Soto a ver se se pode publicar na “Táboa” ou, vou en días de vacacións, anda Fole por Lugo? Ao pouco aparecía, serio, calado, pero como sempre, con gañas de tertulia, de saber de primeira man o que estaba a pasar aquí.

Ata que un día a súa voz e as súas cartas calaron. Deixáranos de vivencias, mais non de lembranzas. Por iso agora o recordamos, porque segue vivo na nosa memoria.

Unha aperta, onde estés, Manolo.